



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE
GALICIA, E A FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO, PARA
FINANCIAMENTO DE GASTOS RELATIVOS Á CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES
DE PROMOCIÓN NO RECINTO FEIRAL INSTITUTO FEIRAL DA CIDADE DE
VIGO - 2021**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Manuel Heredia Pérez, director xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Fundación Instituto Feiral de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2021

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Fundación Instituto Feiral de Vigo, para o financiamento de gastos correntes en que incurra a fundación na realización de accións de promoción comercial a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, no recinto feiral do que é titular a fundación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Instituto Feiral de Vigo ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a realización de actividades de promoción, e a tal fin vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona, actuacións que se concretan fundamentalmente en feiras, certames e exposicións. É por isto que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública porque as accións de promoción comercial dos produtos e sectores galegos a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, obxecto deste convenio, realizaranse unicamente no recinto feiral do que é titular a devandita fundación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

O Director xeral de Comercio e Consumo,

